

## INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da providencia da Alcaldía de data 12 de marzo de 2017, na que se solicitou informe desta Intervención en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento xeral do exercicio económico 2017, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado por Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítase o seguinte

### INFORME

**PRIMEIRO.** A liquidación do Orzamento porá de manifesto:

A) Respecto do Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:

- Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
- Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
- As obrigas recoñecidas netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
- Os pagamentos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas.
- As obrigas pendentes de pagamento o 31 de decembro de 2017.
- Os remanentes de crédito.

B) Respecto do Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:

- As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos.
- Os dereitos anulados.
- Os dereitos cancelados.



— Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.

— A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.

— Os dereitos pendentes de cobro o 31 de decembro de 2017.

— A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

O estado da liquidación do Orzamento estará composto por:

— Liquidación do Orzamento de gastos.

— Liquidación do Orzamento de ingresos.

— Resultado orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

Acompáñanse como anexos, os seguintes documentos:

— *Resumo da clasificación funcional do gasto.*

— *Resumo da clasificación económica do gasto.*

— *Resumo das obrigas recoñecidas netas.*

— *Resumo da clasificación económica dos ingresos.*

**SEGUNDO.** Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

— Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento o 31 de decembro (artigo 94 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril).

— O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril).

— Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril).

— O remanente de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril).



**TERCEIRO.** En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as entidades locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3 e 11 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira). Ademais, deberán cumprir co obxectivo da regra de gasto, entendido como a variación do gasto computable das corporacións locais, que non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

A este respecto, a Intervención local realizará un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade e do cumprimento da regra de gasto da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes que consoliden as súas contas, polo menos no que se refire á información de execución trimestral do Orzamento.

Estes informes emitiranse con carácter independente e incorporaranse aos previstos no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit ou da regra de gasto comportará a elaboración dun Plan económico financeiro, segundo establece o artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

**CUARTO.** Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de 2017, comprobouse que as súas cifras presentan a información esixida polo artigo 93.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado:

#### **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

- Créditos iniciais: 49.652.673,99 euros.
- Modificacións de créditos: 9.201.899,63 euros.
- Créditos definitivos: 58.854.573,62 euros.
- Obrigas recoñecidas netas: 44.586.445,42 euros
- Pagamentos realizados netos: 41.452.286,79 euros.
- Remanentes de crédito comprometidos: 5.417.816,37 euros.
- Remanentes de crédito non comprometidos: 8.850.311,83 euros.



— Remanentes de crédito totais: 14.268.128,20 euros.

### **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

- Previsións iniciais: 53.950.311,04 euros.
- Modificacións das previsións: 9.201.899,63 euros.
- Previsións definitivas: 63.152.210,67 euros.
- Dereitos recoñecidos: 59.738.695,98 euros.
- Dereitos anulados: 2.789.133,50 euros.
- Dereitos cancelados: 0,00 euros.
- Dereitos recoñecidos netos: 56.949.562,48 euros
- Recadación neta: 46.790.514,68 euros.

### **RESULTADO ORZAMENTARIO**

- Dereitos recoñecidos netos<sup>2</sup>: 56.949.562,48 euros.
- Obrigas recoñecidas netas<sup>3</sup>: 44.586.445,42 euros.

TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO: 12.363.117,06 euros.

TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: 15.860.239,45 euros.

**QUINTO.** Do resultado orzamentario. Acompáñase como anexo.

Os artigos 96 e 97 do Real decreto 500/1990 definen, a nivel normativo, o resultado orzamentario ao dispoñer que virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as obrigas orzamentarias recoñecidas durante o exercicio económico, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou noutros se produciran durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

---

<sup>2</sup> Serán os que, como tales, se recollan na liquidación do Orzamento de ingresos.

<sup>3</sup> Serán as que, como tales, se conteñan na liquidación do Orzamento de gastos.



**SEXTO.** Sobre o resultado orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das obrigas recoñecidas financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais, e polo importe das desviacións de financiamento<sup>4</sup> negativas, e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o resultado orzamentario axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións<sup>5</sup> de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gasto con financiamento afectado, desviacións que produciran como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompañamento entre o financiamento recibido e o que debería terse recibido en función do gasto realizado.

**A.** Gastos realizados no exercicio económico de 2017 financiados co remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Son aqueles gastos realizados no exercicio 2017 como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas co remanente de Tesourería para gastos xerais.

Estes gastos realizados (obrigas recoñecidas), que foron financiados co remanente de Tesourería para gastos xerais, tivéronse en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentándoo. Para a determinación deses gastos, fíxose unha estimación do grao de execución do gasto, tendo en conta a situación das aplicacións orzamentarias e a súa execución o 31 de decembro de 2017.

**B.** Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gasto con financiamento afectado de 2017, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuirán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que terían correspondido ao gasto efectivamente realizado (obrigas recoñecidas).

---

<sup>4</sup> As desviacións de financiamento representan o desfase existente entre os ingresos orzamentarios recoñecidos durante un período determinado, para a realización dun gasto con financiamento afectado e os que, en función da parte deste efectuada nese período, deberían terse recoñecido, se a execución dos ingresos afectados se realizase harmonicamente coa do gasto orzamentario.

<sup>5</sup> As desviacións de financiamento calcularanse por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos polos ingresos afectados e o produto do coeficiente de financiamento polo total das obrigas recoñecidas netas, referidos uns e outras ao período considerado. As desviacións de financiamento do exercicio calcularanse tomando en consideración o coeficiente de financiamento parcial por axente financiador e o importe das obrigas e dereitos recoñecidos relativos ao axente do que se trate, referidos unhas e outros ao exercicio orzamentario.



Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

**C.** Determinación de desviacións negativas de financiamento procedentes de proxectos de gasto con financiamento afectado, imputables ao exercicio orzamentario, e que aumentarán o resultado orzamentario.

A desviación é negativa cando os ingresos producidos non cubriron o gasto realizado, concretamente trátase de gastos que se realizaron neste exercicio económico e cuxo financiamento se obtivo en exercicios anteriores, tal situación, de non terse en conta, xeraría un déficit ficticio, debido ao desacoplamento entre os gastos e ingresos afectados, o que obriga a realizar o correspondente axuste para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real que, neste caso, se logrará aumentado aquel no mesmo importe que supoña o dito déficit.

**SÉTIMO.** Do remanente de Tesourería. Acompáñase como Anexo.

Está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos. Estará suxeito ao oportuno control para determinar en cada momento a parte utilizada para financiar gasto e a parte pendente de utilizar, que constituirá o remanente líquido de tesourería.

Obtense pola suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pagamento.

**A.** Dereitos pendentes de cobro o 31/12/2017

- Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.
- Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.
- Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que no sexan orzamentarios.

**B.** obrigas pendentes de pagamento o 31/12/2017

- obrigas pendentes de pagamento do orzamento corrente.
- obrigas pendentes de pagamento de orzamentos pechados.



— obrigas pendentes de pagamento correspondentes a contas de acredores que no sexan orzamentarios.

**C. Fondos líquidos o 31/12/2017**

— Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias.  
— Investimentos temporais en que se materializaran os excedentes temporais de tesourería que no teñan carácter orzamentario.

**OITAVO.** Do remanente dispoñible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, ao fin do exercicio se consideren de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

**A.** Dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación na data 31/12/2017

O importe dos dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación ven dado pola parte da conta de «Provisión para insolvencias» que corresponde a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do remanente de tesourería. Será diferente se se trata de créditos sen seguimento individualizado, ou polo contrario se teña un seguimento individualizado.

Actualmente, no Concello de Ferrol non existe un seguimento contable individualizado, polo que se determina a provisión mediante estimación global do risco de fallidos. O saldo desta conta aboarase ao final do exercicio con cargo á conta «Dotación á provisión para insolvencias», e cargarase ao final do exercicio pola dotación realizada ao peche do exercicio precedente, con aboamento á conta de «Provisión para insolvencias aplicada».

**B.** Exceso de financiamento afectado producido o 31/12/2017

Estará constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas no fin do exercicio e só poderá tomar valor cero ou positivo.



**NOVENO.** Do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado.

Nos supostos de gastos con financiamento afectado nos que os dereitos afectados recoñecidos superen as obrigas por aqueles financiadas, o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais da entidade deberá minorarse no exceso de financiamento producido (artigo 102 do Real decreto 500/1990).

Este exceso poderá financiar a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes aos gastos con financiamento afectado aos que se imputan e, no seu caso, as obrigas por causa da renuncia ou imposibilidade de realizar total ou parcialmente o gasto proxectado.

**DECIMO.** Á vista do Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, despréndese que a liquidación do Orzamento se axusta ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, polo que non se deberá elaborar un Plan económico-financieiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

**DECIMOPRIMEIRO.** O capital vivo pendente de amortizar o 31 de decembro de 2017, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos estados financeiros ascende a 20.540.183,13 €, que supoñen un 40,87% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2016, que ascenden a 50.256.164,17 €, non superando o límite do 110% establecido na disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.<sup>6</sup> e se consideramos as débedas pendentes con Deputación Provincial a 31/12/2017 en concepto de PAIs por importe de 913.018,31 € o referido capital vivo pendente de amortizar a 31/12/2017 ascende a 21.453.201,44 € o que representa o 42,69% dos dereitos recoñecidos

<sup>6</sup> A disposición final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 (prorrogada de forma indefinida para exercicios posteriores), modifica a disposición adicional 14ª do Real decreto 20/2011. Establece:

1.- As entidades locais que presenten **aforro neto negativo** na liquidación do exercicio anterior ou **débeda viva superior ao 110%** dos ingresos correntes liquidados consolidados, **NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.**

2.- As entidades locais con **aforro neto positivo** na liquidación do exercicio anterior e **débeda viva entre o 75% e o 110%** dos ingresos correntes liquidados consolidados, **poderán formalizar operacións de endebedamento coa previa autorización** do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.



## APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2017. Concello de Ferrol.

---

netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2016 non superando tampouco o límite anteriormente referido.

A carga financeira consignada nas aplicacións orzamentarias correspondentes a xuros de préstamos concertados e amortización de préstamos concertados, ascende a 2.990.844,27 euros, que supoñen un 5,50 % sobre os recursos ordinarios liquidados do exercicio 2017.

### CONCLUSIÓN

En conclusión do exposto, o interventor que subscribe, que emite o informe preciso na normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do Orzamento para o exercicio económico 2017 nos termos seguintes:

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2017 nos termos nos que esta foi redactada.

**SEGUNDO.** Dar conta da citada liquidación do Orzamento ao Pleno do Concello de Ferrol na primeira sesión que este celebre e remitir copia dela á comunidade autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que determine a normativa en vigor.

***Non obstante, a Alcaldía resolverá o que considere procedente.***

*En Ferrol, o 15 de marzo de 2018.*

O Interventor Xeral:



Asdo.: Manuel Roel-Hernández Serrano